

## REGULAMENTO VIII CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES DE OURENSE

### CORRENDO POR OURENSE 2018

Un dos obxectivos do Consello Municipal de Deportes de Ourense é organizar manifestacións deportivas no municipio, especialmente as de carácter popular.

O CMD organiza coa colaboración do Colexio Divino Maestro, o Club Esprintes Ourense, a Delegación Ourensana de Atletismo, o Club Deportivo Aurum, o Club Ourense Atletismo e a Asociación de Veciños Carlasca, o VIII Circuito de Carreiras Populares de Ourense “Correndo por Ourense” en diferentes localizacións do Concello de Ourense.

A Comisión Técnica está formada por:

- Francisco Javier Vázquez Fernández (Colexio Divino Maestro): Carreira do Vinteún.
- Óscar del Campo Rodríguez (Esprintes Ourense): Carreira de O Couto.
- Ángel Fidalgo Vázquez (Delegación Ourensana de Atletismo): Carreira do Centro.
- Eladio Gómez Rosales (Club Deportivo Aurum): Carreira da Zona Universitaria.
- José Antonio Álvarez Pérez (Club Ourense Atletismo): Carreira da Ponte.
- Arturo Rodríguez Pérez (Asociación de Veciños Carlasca): Carreira da Carballeira.
- Mario González Rodríguez (Xerente do Consello Municipal de Deportes)
- Roberto Abad González (Coordinador do Consello Municipal de Deportes)

## 1. DATA E LUGAR

O Circuito “Correndo por Ourense 2018” está integrado por 6 carreiras:

NÚM.	DATA	NOME
1 <sup>a</sup>	<b>DOMINGO</b> 22/04/2018	CARREIRA DO VINTEÚN
2 <sup>a</sup>	<b>SÁBADO</b> 26/05/2018	CARREIRA DO COUTO (nocturna)
3 <sup>a</sup>	<b>DOMINGO</b> 24/06/2018	CARREIRA DO CENTRO
4 <sup>a</sup>	<b>DOMINGO</b> 09/09/2018	CARREIRA DA ZONA UNIVERSITARIA
5 <sup>a</sup>	<b>DOMINGO</b> 30/09/2018	CARREIRA DA PONTE
6 <sup>a</sup>	<b>DOMINGO</b> 21/10/2018	CARREIRA DA CARBALLEIRA

- Estas probas pertencen ó calendario da Federación Galega de Atletismo e estarán controladas polo Comité Galego de Xuíces e Cronometradores da FGA (Delegación de Ourense).
- En función de diferentes continxencias pode variar algunha destas datas.
- Para entrar na clasificación xeral será preciso que os atletas participen en 5 carreiras. No caso de participar en todas, desestimarase o peor resultado.

## 2. HORARIOS E PERCORRIDOS

CARREIRA DO VINTEÚN DOMINGO 22/04/2018	12,00h:Pitufos 12,05h: Benxamín, Alevín 12,15h: Infantil e Cadete 12,30h: Xuvenil, Júnior, Promesa, Senior e Máster	Saída: Rúa Madre Soledad, Avda. Santiago, Rúa do Vinteún, Río Corzos, Río Mao, Río Cobas, Río Camba, Avda. Santiago, Rúa do Vinteún, Río Corzos, Rúa Madre Soledad.
CARREIRA DO COUTO SÁBADO 26/05/2018	22,00h: Pitufos 22,05h: Benxamín, Alevín 22,15h: Infantil e Cadete 22,30h: Xuvenil, Júnior, Promesa, Senior e Máster	Saída: Rúa Dalí, Ervedelo, Juan de Anges, Remedios, rotonda cara Antonio Puga, Ervedelo, Juan de Anges, Remedios, Dalí.
CARREIRA DE CORPUS DOMINGO 24/06/2018	12,00h:Pitufos 12,05h: Benxamín, Alevín 12,15h: Infantil e Cadete 12,30h: Xuvenil, Júnior, Promesa, Senior e Máster	Saída: Rúa do Paseo, Concello, Xoán XXIII, Progreso, Avda. de Pontevedra, Lamas Carvajal, Paseo.
CARREIRA DA ZONA UNIVERSITARIA DOMINGO 09/09/2018	12,00h:Pitufos 12,05h: Benxamín, Alevín 12,15h: Infantil e Cadete 12,30h: Xuvenil, Júnior, Promesa, Senior e Máster	Pista de atletismo, Campus universitario (sur-este), Casarellas, Bamio,Rabaza, Mende, Ponte Lonia, Villaamil e Castro, Campus universitario (norte), Pista de atletismo.
CARREIRA DA PONTE DOMINGO 30/09/2018	12,00h:Pitufos 12,05h: Benxamín, Alevín 12,15h: Infantil e Cadete 12,30h: Xuvenil, Júnior, Promesa, Senior e Máster	Saída: Francisca Herrera (12 de Octubre), Avda. de Santiago, Basilio Álvarez (ida e volta), Avda. Caldas, J. Antonio Moretón, Ribeiriño, Avda. Caldas, Mercado, Rosalía de Castro, Vicente Risco (ata a rotonda e volta ata a meta).
CARREIRA DA CARBALLEIRA DOMINGO 21/10/2018	12,00h:Pitufos 12,05h: Benxamín, Alevín 12,15h: Infantil e Cadete 12,30h: Xuvenil, Júnior, Promesa, Senior e Máster	Praza da Lexión, Castelo Ramiro, Hórreo, Paspallás, Salto do Can, Rula, Castelo Ramiro, Praza da Lexión.

- Os percorridos por categorías están especificados na información gráfica do Circuito.
- Por necesidades organizativas e/ou de seguridade cidadá estes percorridos poden ser modificados.
- Ao longo do percorrido, a Organización poderá establecer tantos controis como estime oportunos.
- Establécese un tempo de corte (peche do circuito) de 1 hora desde a saída dos atletas
- É obrigatorio seguir a sinalización e as indicacións marcadas pola Organización.
- O avituallamento estará situado na meta.

### 3. PARTICIPANTES

As categorías son as seguintes:

CATEGORÍAS	ANO DE NACEMENTO
PITUFOS	Nados/as en 2011e posteriores
BENXAMÍN-sub10	Nados/as en 2009 e 2010
ALEVÍN-sub12	Nados/as en 2007 e 2008
INFANTIL-sub14	Nados/as en 2005 e 2006
CADETE-sub16	Nados/as en 2003 e 2004
XUVENIL-sub18	Nados/as en 2001 e 2002
JUNIOR-sub20	Nados/as en 1999 e 2000
PROMESA-sub23	Nados/as en 1996, 1997 e 1998
SENIOR	Nados/as en 1995 ata máster
MÁSTER A	De 35 a 44 anos
MÁSTER B	De 45 a 54 anos
MÁSTER C	De 55 a 64 anos
MÁSTER D	Maiores de 65
ABSOLUTA	

- Para que os Máster non varíen de categoría ao longo do Circuito establécese á data da primeira carreira do Circuito para o cálculo das idades.
- Poderán participar atletas federados e non federados.
- Deberán atender en todo momento as indicacións da Organización.

### 4. INSCRICIÓN

- As inscricións realizaranse na páxina web [[www.deportesourense.com](http://www.deportesourense.com)] facendo constar todos os datos requiridos no procedemento de inscrición. É imprescindible estar inscrito para ter cobertura dos seguros de RC e de accidentes.
- O prazo para inscribirse no Circuito para todos os participantes comeza o día 14 de marzo e remata o mércores anterior a cada carreira, volvéndose abrir o luns seguinte a cada proba.
- Ó límite para as inscricións por equipos poderanse facer ata a data de peche da segunda carreira.
- A inscrición no circuito ten un custe de 7€ (6 carreiras) para as categorías júnior, promesa, senior e máster. Para as demais categorías será gratuíta.
- Unha parte da inscrición irá destinada a axudar a un colectivo social. Os participantes que así o desexen poderán facer unha aportación económica a un colectivo social
- A inscrición e o dorsal son únicos para todo o Circuito, por tanto, os atletas inscritos nalgunha carreira do Circuito quedan automaticamente inscritos para

todas as restantes e deben conservar o dorsal en boas condicións. É obrigatorio levar o chip na zapatilla e o dorsal ben visible no peito.

- Unha vez realizada a inscrición non se devolverá o seu importe.
- Para as categorías xuvenil, júnior, promesa, senior e máster é imprescindible que teñan un chip amarelo de Championchip en propiedade (pódese adquirir no procedemento de inscrición). Este chip xa queda en posesión do seu dono para ser utilizado no Circuito Correndo por Ourense e noutras carreiras que estean cronometradas pola mesma empresa.
- No caso de que o corredor perda o chip propio deberá auto xestionar, a través de Championchipnorte, a compra doutro chip para seguir participando no Circuito.
- As categorías benxamín, alevín, infantil e cadete poden ter un chip en propiedade (sempre que teñan DNI) seguindo o procedemento das categorías superiores ou ben, poden usar o chip de préstamo que proporciona gratuitamente a Organización. Neste último caso, no procedemento de inscrición, deberá chequear a casíña que indica a anulación do pago do chip en propiedade.
- O chip de préstamo (válido para todas a carreiras desta edición do circuito) recollerase para a primeira carreira na que se participe e, obrigatoriamente, terá que devolvelo na última carreira do Circuito, na última carreira na que participe ou, por circunstancias particulares, nas oficinas do Consello Municipal de Deportes de Ourense (CMD), no Pavillón de Deportes dos Remedios, sita na Avda. Pardo de cela, nº 2, Ourense.
- Na categoría de pitufos corren sen chip.
- Ó finalizar o Correndo por Ourense 2018 os corredores que adquiriron o chip neste Circuito:
  - Poden devolvelo chip nas oficinas do CMD, no Pavillón dos Remedios no prazo de 15 días a partires do luns seguinte á última carreira do Circuito 2018. Ao remate deste prazo os corredores que devolveron o chip recuperarán 6€ que lle serán devoltos na propia tarxeta coa que se fixo o pago a través tamén da “pasarela de pago” de Championchipnorte.
  - Poden quedar co chip para futuras edicións do Circuito ou resto de carreiras controladas por Championchipnorte.

**EN NINGÚN CASO SE PODERÁ DEVOLVER UN CHIP QUE NON FOI ADQUIRIDO NESTE CIRCUÍTO**

- A participación de atletas estranxeiros e doutras federacións autonómicas, rexeráse polas normas recollidas na CIRCULAR 142/2016: “Reglamento de Competiciones de Campo a Través, Pista (AL/PC), Marcha, Ruta, Montaña y Trail para la temporada 2016-2017”.

<http://www.rfea.es/sirfea/ficheros/comunicados/documentos/2016621123621.pdf>

Aqueles atletas que sabendo da súa imposibilidade para participar nesta proba, proporcionen datos falsos para poder facelo, serán descualificados.

A Organización, de acordo coa normativa RFEA e previo informe da FGA, rexeitará a inscrición dos corredores federados doutras federacións autonómicas que excedan os límites fixados pola RFEA para competicións de ámbito autonómico.

- A recollida presencial dos chips e dorsais realizarase o sábado 21 de abril de 2018 no Pavillón dos Remedios de 10:00h. a 20:00h. Con carácter extraordinario poderase recoller na secretaría da primeira competición na que participe dende 90 minutos ata 30 minutos antes de que empece a primeira proba.
- O control das inscricións, dorsais, chips, resultados e secretaría será realizado por procedementos automatizados.
- Gravarase a chegada para salientar calquera reclamación.
- Todos os participantes coa súa inscrición aceptan integramente o presente Regulamento e autorizan á Organización para poder facer uso das imaxes, fotografías e/ou vídeos do evento.

## 5. CLASIFICACIÓN E PREMIOS

- A puntuación en cada carreira correspóndese co posto alcanzado na clasificación (diferenciada entre homes e mulleres), de maneira que os/as que teñan menos puntos serán os/as primeiros/as clasificados/as.
- Todos os que estén na Clasificación Xeral por participar en 5 carreiras recibirán un agasallo e os/as tres primeiros/as de cada categoría recibirán un trofeo. Na clasificación absoluta haberá 2 modalidades:

Clasificación Xeral Individual: masculina e feminina.

1º/1ª clasificado/a: Trofeo e 300€ en material deportivo.

2º/2ª clasificado/a: Trofeo e 200€ en material deportivo.

3º/3ª clasificado/a: Trofeo e 100€ en material deportivo.



Clasificación Equipos mixtos dobres parellas: grupos integrados por 2 homes e 2 mulleres. Sumaranse os postos dos 4 integrantes e gañará o equipo que menos puntos sume en total.

- Recibirán Trofeos ó 1º, 2º e 3º equipo clasificado.
- Para poder recoller os premios e os trofeos deberase xustificar documentalmente o ano de nacemento dos atletas por medio de DNI ou documento legal en vigor.
- A entrega de trofeos (19 h.) e agasallos (de 10 a 20 h.) terá lugar o sábado 17 de novembro de 2018 no recinto feiral de Expourense, no Sportur 2018 (Salón do Deporte e Turismo activo). En caso de cambio de lugar será comunicado aos atletas con antelación suficiente.
- Na categoría de Pitufos, todos os participantes que cheguen a meta recibirán un agasallo en cada carreira. Nesta carreira faranse varias quendas de saída, a criterio da Organización, para un mellor desenvolvemento da chegada á meta, a entrega de medallas e a seguridade dos cativos. Faranse tantas quendas como sexa necesario para axilizar a chegada á meta e a entrega de medallas aos cativos.
- Un corredor non poderá inscribirse en máis dun equipo.
- Os integrantes dos equipos tamén optan á Clasificación Xeral Individual.
- Todos os trofeos que non se recollan o día da entrega oficial estarán a disposición dos corredores na sede do organizador ata 8 días despois. A partir desa data enténdese que se renuncia a eles.
- No caso de empate resolverase coa suma de postos na clasificación xeral, resultando gañador o que menos puntuación obtivera. De persistir o empate será o Comisión Técnica do Correndo por Ourense quen decida o criterio para resolvelo.

## 6. RESPONSABILIDADE

- É imprescindible estar inscrito para ter cobertura dos seguros de RC e de accidentes.
- Todos os inscritos participan voluntariamente baixo a súa responsabilidade e admiten gozar dun nivel de condición física suficiente para afrontar esta carreira.
- A Organización:
  - Responsabilízase dos accidentes que se rexistren dentro do percorrido, pero declina toda responsabilidade en caso de padecemento latente, accidente por abandono do itinerario establecido ou negligencia do participante.



- Contará con servizos médicos a disposición dos corredores e coa colaboración da Policía Local de Ourense e de Protección Civil nos puntos máis estratéxicos do percorrido.
- Recomendalle aos participantes someterse a un recoñecemento médico previo coa fin de minimizar os riscos que entraña a realización de actividade física.
- Non se fai responsable dos obxectos de cada participante, pero disporá no Pavillón dos Remedios de taquillas suficientes para quen as precise, tendo en conta que para o seu uso é necesario traer un cadeado.
- Porá a disposición de todos os participantes duchas e servizos de aseo.
- Non se fai responsable dos danos que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes desta proba.
- Non se fai responsable das consecuencias que se deriven dunha inscrición defectuosa e/ou errónea por parte do corredor ou en quen delegue.

## 7. DESCUALIFICACIÓN

- Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos:
  - Non seguir a sinalización específica da carreira (vallas, cintas...) ou as directrices do persoal que intervén na Organización, que irá debidamente identificado.
  - Non completar todo o percorrido ou non pasar os controis.
  - Non levar dorsal ou manipulalo.
  - Falsificar datos persoais, ou a suplantación da identidade.
  - Utilizar vehículos de axuda ou mesmo bicicletas, patíns, carriños de bebé e/ou similares.
  - Ir acompañado doutras persoas que non sexan participantes inscritos na proba ou inscritos noutras categorías.
  - A utilización de reprodutores de música con auriculares. A Organización prohíbeo pola seguridade dos propios participantes nas carreiras.
  - Cando continuar a participación supoña un risco para a súa propia seguridade, para outros atletas ou para o desenvolvemento da proba.
  - Que os corredores se atopen no interior do percorrido da carreira, sempre e cando supoña un risco real para os participantes que están competindo.
  - Calquera outra circunstancia non prevista no presente Regulamento pero que a Organización considere que é motivo de descualificación.





## 8. RECLAMACIÓNS

- As reclamacións deberán ser feitas ao xuíz árbitro ata 30 minutos despois da publicación oficial dos resultados.
- Todo o non disposto neste regulamento rexerase polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

O presente Regulamento pode ser modificado para a súa mellora por parte da Organización.